

AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

Resolución do 28 de abril de 2004 pola que se aproba a convocatoria ordinaria para a asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento ao labor docente, e o complemento de recoñecemento ao labor investigador e se abre o prazo para a presentación de solicitudes.

O Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos adicionais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario, establece no seu articulado a necesidade da aprobación dun protocolo de avaliación por parte da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, como órgano encargado de realizar a valoración previa, da actividade docente e investigadora, necesaria para a asignación das retribucións adicionais reguladas polo mencionado decreto.

Coa aprobación da Orde do 16 de abril de 2004 pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación e Acreditación (Cgiaca), relativo aos criterios e méritos de valoración, e ao procedemento para solicitar os complementos de recoñecemento ao labor docente e ao labor investigador, complétase o sistema para avaliar ou informar as actividades docentes e investigadoras, previas á asignación das retribucións adicionais vinculadas ao recoñecemento do labor docente e investigador dos profesores pertencentes ao Sistema Universitario de Galicia.

De conformidade co establecido nesta orde, o Consello de Dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, e no seu nome, o presidente, convocará mediante resolución a apertura do prazo para a presentación de solicitudes de avaliación ou informe para a contratación de profesorado polas universidades da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que unha vez reunido o Consello de Dirección, na súa virtude,

RESOLVO:

Primeira.-Obxecto.

Aprobar a convocatoria ordinaria e abrir o prazo de presentación de instancias para solicitar a asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento ao labor docente, e o complemento de recoñecemento ao labor investigador, establecidos, respectivamente, no artigo 2.1º e 2.2º do Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos adicionais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario.

Segunda.-Destinatarios.

Podrán presentar a súa solicitude todas aquelas persoas que, de conformidade co establecido na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e no Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vin-

culadas a méritos adicionais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario, queiran solicitar a asignación das retribucións adicionais sinaladas na base anterior por parte dalgún dos consellos sociais das universidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia.

Terceira.-Requisitos.

Conforme o disposto no Decreto 55/2004 e na Orde do 16 de abril de 2004, pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación e Acreditación (Cgiaca), relativo aos criterios e méritos de valoración, e ao procedemento para solicitar os complementos de recoñecemento ao labor docente e ao labor investigador, para obter a asignación dos complementos será necesario:

a) Para o complemento de recoñecemento ao labor docente:

1. Estar integrado no cadro do persoal docente de calquera das universidades públicas de Galicia.

2. Que a súa praza sexa fixa e estable, tendo superado o correspondente proceso de concurso-oposición establecido na lei.

3. Acreditar polo menos un ano de servizo na súa praza.

4. Ter dedicación a tempo completo no exercicio da docencia.

5. Valoración positiva, dos méritos nos que se sustente a solicitude, pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, de acordo co protocolo de avaliación aprobado para o efecto pola Comisión Galega de Informes, Avaliación e Acreditación na Orde do 16 de abril de 2004, pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación e Acreditación (Cgiaca), relativo aos criterios e méritos de valoración, e ao procedemento para solicitar os complementos de recoñecemento ao labor docente e ao labor investigador.

b) Para o complemento de recoñecemento ao labor investigador:

1. Estar integrado no cadro do persoal docente de calquera das universidades públicas de Galicia.

2. Que a súa praza sexa fixa e estable con carácter permanente, tendo superado o correspondente proceso de concurso-oposición establecido na lei.

3. Acreditar polo menos un ano de servizo na súa praza.

4. Ter presentado na universidade un traballo de investigación que, sendo xulgado por un tribunal avaliador, lle teña outorgado o grao de doutor.

5. Valoración positiva dos méritos nos que se sustente a solicitude, pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, de acordo co protocolo de avaliación aprobado para o efecto pola Comisión Galega de Informes, Avaliación e Acreditación na Orde do 16 de abril de 2004 pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación e Acreditación (Cgiaca), relativo aos criterios e méritos de valoración, e ao procedemento para solicitar os complementos de recoñecemento ao labor docente e ao labor investigador.

Cuarta.-Solicitudes.

1. As solicitudes dirixiranse ao presidente da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia e presentaranse ante esta no modelo normalizado que se publica para o efecto como anexo I a esta resolución.

Estas solicitudes poderán presentarse en calquera dos rexistros relacionados no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As solicitudes que se presenten deberán indicar cunha aspa, no modelo de instancia referido no punto anterior, cál ou cáles das retribucións adicionais sinaladas na base primeira solicitan. No caso de que se solicite a asignación das dúas retribucións, poderase facer nunha soa instancia.

Quinta.-Documentación e cotexo.

1. As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación.

a) Para o complemento de recoñecemento ao labor docente:

-Modelo normalizado de instancia que se publica para o efecto como (anexo I).

-Fotocopia, debidamente cotexada polo funcionario encargado do rexistro no que se presente a solicitude, do DNI ou documento equivalente acreditativo da identidade do solicitante.

-Certificado de estar integrado no cadro de persoal docente de calquera das universidades públicas de Galicia e ter dedicación a tempo completo no exercicio da docencia e antigüidade na praza de máis dun ano.

Eximirase da entrega deste certificado, sempre que a respectiva universidade na que preste os seus servizos o solicitante, presente á Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia unha lista oficial en que relacione os profesores que cumpren estes requisitos.

-Breve memoria de autoavaliación do labor docente, que se presentará de acordo co modelo normalizado que se publica para o efecto como anexo II.A.

b) Para o complemento de recoñecemento ao labor investigador:

-Modelo normalizado de instancia que se publica para o efecto como (anexo I).

-Fotocopia, debidamente cotexada polo funcionario encargado do rexistro no que se presente a solicitude, do DNI ou documento equivalente acreditativo da identidade do solicitante.

-Certificado de estar integrado no cadro de persoal docente de calquera das universidades públicas de Galicia e ter dedicación a tempo completo no exercicio da docencia e antigüidade na praza de máis dun ano.

Eximirase da entrega deste certificado, sempre que a respectiva universidade, na que preste os seus servizos o solicitante, presente á Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia unha lista oficial en que relacione os profesores que cumpren estes requisitos.

-Xustificante de grao de doutor (este requisito non será preciso para os solicitantes que sexan profesores de corpos docentes nos que se exixa o título de doutor, circunstancia esta última que se deberá facer constar).

-Breve memoria de autoavaliación do labor investigador que se presentará de acordo co modelo normalizado que se publica para o efecto como anexo II.B.

2. No caso de que se solicite a asignación das dúas retribucións adicionais na mesma instancia, non será necesario repetir os documentos que acrediten os mesmos extremos das respectivas retribucións.

Sexta.-Prazo.

O prazo para presentar as instancias nas que se solicite a asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento ao labor docente, e o complemento de recoñecemento ao labor investigador, será de 30 días naturais contados desde o día seguinte á publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Sétima.-Corrección e mellora da solicitude.

Cando, de conformidade co disposto na Orde do 16 de abril de 2004 pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación e Acreditación (Cgiaca), relativo aos criterios e méritos de valoración, e ao procedemento para solicitar os complementos de recoñecemento ao labor docente e ao labor investigador, as solicitudes presentadas en prazo non reúnan os requisitos exixidos nesta ou non se xuntasen os documentos necesarios indicados nestas bases, a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia requirirá ao interesado para que, no prazo de 10 días hábiles contados dende o día seguinte ao da recepción do requirimento, se emende a carencia, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, considerándose que desistiu da súa petición, logo de resolución ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992.

Oitava.-Procedemento.

O procedemento para a tramitación das solicitudes e a avaliación dos currículos farase de conformidade co regulado na Orde do 16 de abril de 2004 pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación e Acreditación (Cgiaca), relativo aos criterios e méritos de valoración, e ao procedemento para solicitar os complementos de recoñecemento ao labor docente e ao labor investigador.

Novena.-Entrada en vigor.

Esta resolución producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2004.

Manuel Cecilio Díaz y Díaz
Presidente da Axencia para a Calidade
do Sistema Universitario de Galicia

ANEXO I

**SOLICITUDE DE RETRIBUCIÓNS ADICIONAIS VINCULADAS A MÉRITOS INDIVIDUAIS
DOCENTES, INVESTIGADORES E DE XESTIÓN**

1. DATOS DO SOLICITANTE

1º apelido	2º apelido	Nome	DNI
Enderezo			Data nacemento
Sexo			
Código postal	Cidade	Provincia	
Teléfono	Fax	Correo electrónico	
Profesor: CU <input type="checkbox"/> TU <input type="checkbox"/> CEU <input type="checkbox"/> TEU <input type="checkbox"/>		Universidade:	
Centro:		Departamento:	
Área de coñecemento:			Código:

2. RETRIBUCIÓN ADICIONAL SOLICITADA. Os interesados marcarán cunha aspa a/s retribución/s que soliciten. Deberán presentar a solicitude acompañada da documentación acreditativa e do historial académico conforme o presente modelo normalizado.

1.- Complemento de recoñecemento ao labor docente		<input type="checkbox"/>
Data da toma de posesión	a) Antes do 1 de xullo de 2002	Si: <input type="checkbox"/> Non: <input type="checkbox"/>
	b) Despois do 30 de xuño de 2002, data: de de	
2.- Complemento de recoñecemento ao labor investigador		<input type="checkbox"/>
Data da obtención do título de doutor	a) Antes do 1 de xullo de 2002	Si: <input type="checkbox"/> Non: <input type="checkbox"/>
	b) Despois do 30 de xuño de 2002, data: de de	

3. DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA. Sinalar cunha aspa o tipo de documentación que se xunta á solicitude. As distintas certificacións poderanse presentar nun mesmo documento cando sexa a mesma institución a encargada de emitilas.

1.-Fotocopia do DNI ou documento equivalente	<input type="checkbox"/>
2.-Certificado de estar integrado no cadro de persoal da universidade como funcionario e ter dedicación a tempo completo e antigüidade na praza de máis dun ano	<input type="checkbox"/>
3.-Xustificación de grao de doutor (non será preciso para os solicitantes que sexan profesores de corpos docentes nos que se exixa o título de doutor)	<input type="checkbox"/>
4.- Breve memoria de autoavaliación do labor docente Número de rexistro persoal	<input type="checkbox"/>
5.- Breve memoria de autoavaliación do labor investigador Título da tese: Cualificación obtida:	<input type="checkbox"/>
6.-Outros documentos (indicar cáles):	

4. ENDEREZO DO SOLICITANTE PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

--

Santiago de Compostela, de de 200 .

Sinatura do solicitante

ANEXO II-B

MODELO NORMALIZADO DE MEMORIA DE AUTOAVALIACIÓN DO LABOR INVESTIGADOR

Experiencia investigadora:

Mobilidade, se é o caso:

Outros méritos:

ANEXO II-A

MODELO NORMALIZADO DE MEMORIA DE AUTOAVALIACIÓN DO LABOR DOCENTE

Formación académica e complementaria:

Experiencia docente:

Mobilidade, se é o caso:

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Orde do 26 de abril de 2004 pola que se modifica a do 6 de marzo de 2003 pola que se eleva a definitiva a proposta de aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso na categoría 3 do grupo V (ordenanza, telefonista e outros) do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia.

Visto polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número un de Santiago de Compostela o recurso contencioso-administrativo procedemento abreviado nº 154/2003, interposto por Carmen Fernández Prieto, contra as resolucións da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 6 de marzo de 2003, estimatorias dos recursos de alzada formulados por Víctor Domínguez Alonso, Joaquina Couto Vázquez e Josefa Vilariño Tizón, contra o acordo do 12 de decembro de 2002 do tribunal V-B designado para xulgar o proceso selectivo para o acceso á categoría 3 (ordenanza e outras) do grupo V do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, relativo á puntuación outorgada na fase de concurso do citado proceso selectivo, ditou sentenza con data do 18 de setembro de 2003, pronunciándose no seguinte sentido:

«Ditámino que, con estimación parcial do recurso contencioso-administrativo, presentado por Carmen Fernández Prieto, contra as resolucións da consellería demandada, de data 6 de marzo de 2003, estimatorias dos recursos de alzada formulados por Víctor Domínguez Alonso, Joaquina Couto Vázquez e Josefa Vilariño Tizón, contra o acordo do 12 de decembro de 2002, do tribunal V-B relativo á puntuación outorgada na fase de concurso do proceso selectivo para o acceso á categoría 3 do grupo V do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, convocado por Orde do 30 de xullo de 2001, debo declarar e declaro a parcial conformidade a dereito dos actos administrativos recorridos, os cales se anulan parcialmente en canto a valoración de méritos dos participantes a que se refire a presente litis, nos termos expostos nesta resolución; e todo iso sen facer expresa condena respecto das custas causadas neste xuízo».

E visto pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o recurso de apelación nº 0100007/2004, interposto pola Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública e Víctor Domínguez Alonso, contra a devandita sentenza do 18 de setembro de 2003, ditou sentenza nº 1/2004, do 21 de xaneiro, pronunciándose no seguinte sentido:

«Ditáminamos que desestimando o recurso de apelación interposto pola Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública

e Víctor Domínguez Alonso debemos confirmar e confirmamos a resolución recorrida, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número un de Santiago de Compostela, en data 18 de setembro de 2003, pola que se estimou en parte o recurso contencioso-administrativo no seu día promovido por Carmen Fernández Prieto contra resolucións da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública da Xunta de Galicia, de data 6 de marzo de 2003, estimatorias de recursos de alzada presentados por Víctor Domínguez Alonso, Joaquina Couto Vázquez e Josefa Vilariño Tizón, así como contra o acordo do 12 de decembro de 2002 do tribunal V-B relativo á puntuación outorgada na fase de concurso do proceso selectivo para o acceso á categoría 3 do grupo V do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, convocado por Orde do 30 de xullo de 2001; todo iso con imposición das custas procesais ás partes recorrentes».

Con data do 1 de abril de 2004, a directora xeral da Función Pública dispuxo a execución da sentenza nos seus propios termos, en virtude do disposto nos artigos 103 e seguintes da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Como consecuencia, procede publicar unha nova relación definitiva de aspirantes que superaron o proceso selectivo para o acceso á categoría 3 do grupo V (ordenanza, telefonista e outros) do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia na que se recollan as alteracións provocadas pola execución da sentenza citada, é dicir, que en lugar de figurar nela Víctor Domínguez Alonso e María Joaquina Couto Vázquez deben figurar Guillermo Reigosa Pérez e M^a del Carmen Fernández Prieto, así como outorgándolle a Josefa Vilariño Tizón un total de 26,69 puntos, modificándose en consecuencia a orde de prelación dos aspirantes.

Polo tanto, en virtude do exposto,

DISPOÑO:

Primeiro.-Modificar a Orde do 6 de marzo de 2003 pola que se eleva a definitiva a proposta de aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso na categoría 3 do grupo V (ordenanza, telefonista e outros) do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, que se publica como anexo a esta orde, de tal xeito que en lugar de figurar nela Víctor Domínguez Alonso e Joaquina Couto Vázquez deben figurar Guillermo Reigosa Pérez e María del Carmen Fernández Prieto, así como outorgándolle a Josefa Vilariño Tizón un total de 26,69 puntos, modificándose en consecuencia a orde de prelación dos aspirantes.

Segundo.-Deixar sen efecto o nomeamento como persoal laboral fixo da categoría 3 do grupo V (ordenanza, telefonista e outros) do persoal laboral fixo